

DEMOCRACIA EN LA EMPRESA

ARMANDO FERNÁNDEZ STEINKO
Madrid: Hoac. 2000
[330 páxinas]

Recibido: 13 xuño 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

Democracia en la empresa ofrece un menú interesantísimo sobre como xestiona-la empresa aquí e agora de forma participativa e, á vez, eficiente. Eficiente no social, no ambiental e no humano, pero tamén no económico. O libro está estruturado en círculos concéntricos, desde todo aquilo que sucede nos postos de traballo ata as grandes decisións estratéxicas da empresa (qué cousas ou qué servizos producir, cal é a súa función social, como organiza-la cadea de valor engadido, como reparti-los rendementos empresariais, etc.). Moitos dos temas e dos asuntos miúdos teñen un tratamento moi claro e sistemático. Así, o problema da xestión democrática da clasificación profesional –asunto que normalmente non se ten en conta nos libros de xestión de persoal a pesar de ser hoxe unha fonte de numerosos conflitos laborais e de incertezas– está explicado coa mestría de quen coñece ben o problema –o autor foi consultor de empresas públicas. En xeral estamos ante unha especie de manual para a introducción da democracia nas empresas, para romper ese tabú que se manexa nos círculos do *management* segundo o cal só os expertos e os altos directivos teñen competencias para levar a bo porto unha organización complexa. O que sorprende é que nin en círculos políticos de esquerdas, nin sobre todo en círculos sindicais, aparezan máis libros coma este, libros que demostren que a autoxestión empresarial non é unha utopía, unha moda pasada ou unha ameaza de mal gusto ós empresarios, senón que é unha fonte de racionalidade empresarial e social, de humanización do traballo e unha panca esencial para afronta-la máis que pendente reconversión social, económica e ambiental no mundo. O que máis se lle parece a este esbozo de “democratización en clave maximalista”, como di o autor, son os experimentos participativos da cidade brasileira de Porto Alegre, onde tamén se están dando combinacións novidasas entre eficacia na xestión municipal e participación directa dos cidadáns. Hai unha parte do libro –“El fordismo se puede superar”– que debuxa o que pode ser un cambio do actual sistema empresarial no mundo máis aló da globalización e a actual volta ó fordismo, un cambio que free a polarización social e a perda da calidade do traballo no mundo. Esta parte, que invita especialmente á reflexión, está en liña co libro *La segunda ruptura industrial* de Piore e Sabel, publicado pola editorial Alianza, que nos anos oitenta abriu tantas esperanzas de superación do fordismo, de domesticación do sistema industrial occidental. O autor, ademais, esfórzase moito en vincula-la medida de democratización interna nas empresas coas medidas de organización e de estruturación territorial da

economía –rexionalización da economía– para apuntar tamén a necesidade de democratiza-las estruturas económicas internacionais a través da creación de circuitos económicos rexionais. É un argumento a favor da necesidade de atacar na fronte *micro* e na *macro* a un tempo, a favor da democratización das empresas como condición para a democratización da economía rexional e global, e poder así asentar tamén a democratización política, que está a se converter nunha palabra va e formal para moitos cidadáns. Ó final o autor debuxa o que el entende por unha “transición cara á empresa democrática” onde queda clara a complexidade, a interdependencia dos procesos de cambio social e empresarial. Un libro que cómpre ler para ir perfilando alternativas á xestión neoliberal da sociedade, das empresas e da economía.

MAGDALENA BARAHONA MARTÍN

Departamento de Socioloxía, Ciencias Políticas e da Administración e Filosofía
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo